





1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantiñán. Sector: Costa de Caión. Concello: Arteixo. Parroquia: San Martiño de Suevos. Extensión: 0,72 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Pequeno anfiteatro acantilado con praias e plataformas ao pé, que posúe unha vertente superior de pendentes suaves cara a un interfluvio baixo (39 m) e algo máis elevadas cara ás elevacións laterais que cerran a unidade (74 m e 92 m).

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A metade sur componse de bandas NNE-SSO de xistos da "Serie de Ordes" e ortoneis herciniano. Dende o porto de Suevos cara ao norte aparecen primeiro bandas NNE-SSO de anfibólita anteherciniana e metagrauvas (Serie de Ordes) para logo desenvolverse na parte setentrional da península de Punta Langosteira o ortoneis herciniano.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Vertente de dominio climático Cálido e Subhúmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 15° C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1000 mm e 1200 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5° C e 13,5° C

OS SOLOS

Case toda a unidade, pola presenza de ortogneis, conta con regosoles sobre silicatos de tipo granítico. Na esquina sueste, en materiais metamórficos aparecen cambisoles dístricos.


AS AUGAS

Cunca de pequenas dimensións entre os montes da Costa e Langosteira, que non posúe ningún curso fluvial salientable. Verte á masa de Augas Costeiras da costa de Langosteira (20170).

O PATRIMONIO NATURAL

Área moi transformada. Os acantilados achegan o hábitat 1230 de acantilados costeiros atlánticos, e os depósitos ao pé e plataformas o hábitat 1210, vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados. Intensa ocupación agraria sen matogueira costeira.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Ao igual que na maior parte da costa desta zona, as ladeiras dos montes que conforman esta unidade están cubertas de vexetación costeira de matogueira, xa que actualmente non teñen un uso determinado nin soportan actividades produtivas. Na parte baixa do val, próximo á praia de Suevos, existen restos de explotacións agrarias, hoxe xa sen uso, que acollen na actualidade fenómenos residenciais cun tecido moi pouco denso e articulado.

MORFOLOXÍA

Pola súa posición privilexiada, resgardada dos ventos e temporais máis fortes, na enseada de Area Pequena situouse orixinalmente a saída ao mar do núcleo de Suevos, asentamento tradicional de considerable importancia neste territorio e núcleo de identidade do litoral. Así deuse lugar ao núcleo do Porto, orixinariamente un pequeno peirao acompañado dunha serie de construcións relacionadas coas actividades pesqueiras. Na actualidade, o asentamento creceu ocupando o que antes eran parcelas agrícolas, xerando grandes baleiros entre as numerosas edificacións unifamiliares illadas que agora caracterizan o núcleo e que tende a estenderse ocupando todo o val que forma a unidade.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A estrada máis importante nesta unidade é a C-0503. É a vía que dá acceso ao porto dende o núcleo de Suevos e pasando polo pequeno polígono industrial do mesmo nome. Entra pola parte oriental da costa, cunha traza sensiblemente paralela á liña litoral, e remata no peirao que deu orixe ao asentamento. Tamén existe unha serie de camiños e pistas menores que dan accesibilidade ás diferentes partes do contorno e que antes organizaban as parcelas de cultivo. Hoxe serven como soporte para o crecemento residencial do núcleo.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Nesta unidade atópase o depósito arqueolóxico cofecido como "Castro de Suevos", na pequena punta que se asoma ao mar entre as praias de Area Grande e Area Pequena. Non existe ningún outro elemento de patrimonio histórico rexistrado.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Esta unidade, en comparación con aquelas próximas en que se divide a costa de Suevos, distínguese pola súa característica forma e xeografía, xa que se trata dunha pequena enseada xerada por unha península (a de Langosteira). A presenza do porto de Suevos condicionou sempre o desenvolvemento deste territorio, xa que o feito de supoñer a saída natural ao mar do asentamento de Suevos introduce unhas fortes tensións que relacionan ambos os ámbitos. Esta unidade é a única do seu contorno onde se xeraron procesos de crecemento residencial mediante tipoloxías unifamiliares illadas cun tecido moi pouco denso, nun proceso de substitución das antigas parcelas agrícolas por usos residenciais que non se deu noutras partes desta costa.

DINÁMICA DA PAISAXE

O territorio que conforma esta unidade era antes un contorno cultivado na súa práctica totalidade, mediante un parcelario en socalcos que aproveitaba as ladeiras de pouca pendente a ambos os lados da enseada de Area Pequena. O pequeno peirao de Suevos que constituíu a saída tradicional ao mar do núcleo de Suevos deu lugar a un pequeno casarío compacto e vinculado ás actividades mariñeiras. Co paulatino abandono dos labores agrícolas, en moitas destas parcelas en socalcos foron aparecendo novas edificacións residenciais, que deron lugar a un tecido moi pouco denso estruturado arredor das vías que anteriormente garantían a accesibilidade das terras de cultivo e do litoral.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

Dentro desta unidade é especialmente valiosa a presenza do porto, xa que é un elemento singular que lle dá personalidade a toda a paisaxe. De feito excede os seus límites, xa que con quen máis relacións constrúe é co núcleo de Suevos, na unidade limítrofe, e cuxa influencia se estende ata aquí. Os acantilados e os areais que constitúen a súa fronte litoral son tamén elementos de interese, enmarcados nunha formación natural, a enseada de Area Pequena, que non é habitual nesta zona da costa. As visuais que se abren dende os seus puntos medios cara á Costa de San Pedro permiten admirar a sucesión de macizos graníticos que conforman este litoral.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Asentamentos dispersos na fachada litoral, na contorna do porto de Suevos, co obxectivo de ordenar os usos do solo e frear os crecementos dispersos desvinculados dos núcleos tradicionais e sen funcións urbanas que alteren a xeomorfoloxía da fronte litoral.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros


Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



